

# O peixe que quería voar

Tumbado boca abaixo enriba da cama, Marco observaba a Dourado nadando en círculos no seu reducido espazo. Dourado era o peixe que lle regalaran no seu 13º aniversario, e chamárao así porque esa era a súa cor. Non fora moi orixinal.

Por moito que movese as súas pequenas aletas, o peixe non ía avanzar nunca; estaba nun bucle interminable. Marco preguntábase se Dourado sería consciente ou non, pero se o era, estaba claro que non lle importaba: el seguía nadando, debuxando círculos na súa peixeira redonda, inesgotable.

Marco sentíase un pouco coma Dourado. Estaba atrapado no seu cuarto, totalmente alleo ao mundo de fóra. Como lle gustaría poñerse a xogar no parque co resto dos rapaces, que ese día aproveitaran o sol para sacar a pelota, e botar un partido!

Fixo un intento de incorporarse, pero non o conseguiu. Probo unha vez máis: desta volta contou mentalmente ata tres, apoiou as mans no colchón á altura do peito e, non sen esforzo, estirou os brazos coma se fixese unha flexión para lograr dar a volta e sentarse. Tomouse uns segundos para retomar o alento e despois continuou: localizou coa vista a cadeira de rodas, que estaba a un metro da cama. “Teño que facelo eu só”, pensou. Agarrou unha perna e tratou de levantala para achegala á beira, e o mesmo coa outra.

Non sentía absolutamente nada, era coma agarrar dous sacos de patacas. Ás veces soñaba con que podía sentir as pernas, a sensación do chan contra os pés, poder dobrar o xeonllo... Pero logo espertaba e era outra vez o mesmo.

Xa conseguira sentar na beira da cama coas pernas colgando. Estirou o brazo para agarrar a cadeira de rodas... case a rozaba... Pero estaba demasiado lonxe. “Teño que facelo eu só”, volveu pensar.

Non precisaba axuda, estaba farto de necesitar a súa nai para todo. Ela sempe estaba alí, ao seu carón, coma a súa sombra. “Coidado!”, “Deixa, que xa o fago eu”, dicíalle todo o tempo. Marco sabía que non o facía por mal, todo o contrario, pero ás veces fartábase e contestáballe mal ou mesmo lle gritaba.

Ía conseguilo, ía subirse el só á cadeira de rodas.

Apertou os dentes e estirouse todo o que puido...

E entón acabou de cabeza contra o chan. Os oídos empezáronlle a pitar e todo se volveu negro. Doíalle todo o corpo e o brazo palpitáballe. Pareceulle escoitar o ruído dos pasos da súa nai subindo os chanzos ás carreiras, e a súa voz: “Marco!!!”

Cando abreu os ollos estaba tumbado noutra cama, pero aínda que non era a da súa casa, esta coñecía tamén moi ben. A luz branca e potente e o cheiro inconfundible confirmáronlle que se atopaba no hospital.

Metéranos no cuarto de sempre: o que tiña debuxiños de naves espaciais e planetas por toda a parede. De pequeno sempre quixera ser astronauta, pera agora xa tiña asumido que

nunca chegaría a selo. Estaba condenado para toda a súa vida, atado á súa cadeira, coma Dourado o estaba a dar voltas na súa peixeira.

Ao pensar en dourado a inercia levouno a xirar o pescozo cara á mesiña de noite. Non esperaba atopalo alí, pero subestimara á súa nai. Alí se atopaba o seu peixe, nadando, coma sempre, alleo a todo.

–Pensei que che gustaría ter alguén que che fixera compañía – falou ela, que o miraba apoiada de pé contra o marco da porta.

Marco percatouse de que ela tiña unhas bágoas sostidas na beira das pálpebras, a piques de comezar a correr polas meixelas abaixo. Non quería ver chorar á súa nai, e moito menos por el.

–Mamá, estou ben...–comezou, pero ela sorriu e interrompéuno de súbito.

–Non é iso, –mirouno aos ollos un anaco, como para facerse a interesante– Estiven falando cun médico moi prestixioso que se interesou no teu caso, e queren facer contigo un tratamento que xa levan probado con éxito noutros rapaces coma ti. –fixo unha pausa para limpar a bágoa, que xa non aguantara máis e acabara resbalando– Vas camiñar, Marco.

Agora choraba el tamén. Mirou outra vez aos debuxos da parede, e imaxinou a si mesmo dentro dese traxe de astronauta.